

4.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 3: De Ieria

Actividade 1

Enunciado: Escribe outra vez as frases facendo os diminutivos das palabras destacadas.

- O meu **mestre** de ximnasia chámase Lois.

mestriño

- Os meus **ratos** son preciosos.

ratiños

- A **avoa** é moi boa.

avoíña

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Forma correctamente todos os diminutivos das palabras indicadas.	Comete un erro ao escribir os diminutivos das palabras indicadas.	Comete dous erros ao escribir os diminutivos das palabras indicadas.	Comete tres erros ao escribir os diminutivos das palabras indicadas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e forma aumentativos, diminutivos e despectivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 2

Enunciado: Rodea as palabras que sexan aumentativos.

cacho

tempiño

camiño

caraza

golazo

berro

casona

cabezón

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os aumentativos.	Comete un erro ao identificar os aumentativos.	Comete dous erros ao identificar os aumentativos.	Comete máis de dous erros ao identificar os aumentativos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e forma aumentativos, diminutivos e despectivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 3

Enunciado: Substitúe as palabra destacadas polos seus despectivos.

- Óscar ten un **coche** vello. **cochucho**
- Os cristais rompeunos o **can** de Xan. **canzucho**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre forma despectivos correctamente.	Case sempre, forma despectivos correctamente.	Cústalle formar despectivos de forma correcta.	Non é quen de formar despectivos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e forma aumentativos, diminutivos e despectivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 4

Enunciado: Completa o cadro cos artigos.

	Masculino singular	Feminino singular	Masculino plural	Feminino plural
Determinados	o	a	os	as
Indeterminados	un	unha	uns	unhas

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa correctamente unha táboa con artigos.	Comete menos de tres erros ao completar unha táboa con artigos.	Comete entre tres e seis erros ao completar unha táboa con artigos.	Comete máis de seis erros ao completar unha táboa con artigos.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Analiza artigos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

5. Localiza os demostrativos e analízaos segundo o exemplo.

Esta semana a miña familia irá a aquel albergue que visitamos coa escola. Estou desexando encontrarme con aqueles rapaces cos que xogamos a eses xogos campestres.

Esta: determinante demostrativo, feminino singular.

Aquel: determinante demostrativo masculino singular

aqueles: determinante demostrativo masculino plural

eses: determinante demostrativo masculino plural

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os demostrativos dun texto e analízaos correctamente.	Identifica case todos os demostrativos dun texto e analízaos correctamente.	Identifica a metade dos demostrativos dun texto e comete erros ao analízalos.	Identifica menos da metade dos demostrativos dun texto e comete máis erros que acertos ao analízalos.

Estándar de aprendizaxe avaliabile

Identifica e analiza demostrativos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 6

Enunciado: Rodea os **artigos** e subliña as **contraccións**.

- **A** árbore **do** xardín ten **un** niño entre **unhas** follas murchas.
- **Os** nenos mercaron **na** tenda **uns** caramelos para **o** aniversario.
- **A** bicicleta **da** miña irmá ten **unha** roda picada.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os artigos e contraccións.	Identifica case todos artigos e contraccións.	Identifica a metade dos artigos e contraccións.	Identifica menos da metade dos artigos e contraccións.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Coñece o concepto de artigo e contracción.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 7

Escrebe palabras que teñan a sílaba tónica no lugar indicado para cubrir a táboa.

Antepenúltimo lugar	Penúltimo lugar	Último lugar
Resposta libre.		

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro á hora de identificar a sílaba tónica e indicar o lugar que ocupa na palabra.	Comete un erro á hora de identificar a sílaba tónica e indicar o lugar que ocupa na palabra.	Comete dous erros á hora de identificar a sílaba tónica e indicar o lugar que ocupa na palabra.	Non identifica a sílaba tónica nin é quen de indicar o lugar que ocupa na palabra.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica a sílaba tónica.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 8

Enunciado: Escribe un contoño, pero primeiro responde estas preguntas.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Redacta con total éxito un conto á partir dunha planificación previa, enlazando as ideas con claridade e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Redacta con bastante éxito un conto á partir dunha planificación previa, enlazando as ideas con claridade e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Redacta con algunha dificultade un conto á partir dunha planificación previa, enlazando as ideas con claridade e respectando as normas gramaticais e ortográficas.	Non redacta un conto á partir dunha planificación previa, enlazando as ideas con claridade e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Redacta contos aténdose ás súas características

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia en sentido

Actividade 9

Enunciado: Substitúe as palabras destacadas polos seus diminutivos.

- O moto é moi **grande** e **rápida**. **grandiña, rapidiña**
- Os meus zapatos son **feos** e **caros**. **feíños, cariños**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre escribe os diminutivos das palabras con éxito.	Case sempre escribe os diminutivos das palabras con éxito.	Cústalle escribir os diminutivos das palabras con éxito.	Non é capaz de escribir os diminutivos das palabras.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e forma aumentativos, diminutivos e despectivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 10

Enunciado: Escribe os despectivos das seguintes palabras.

cuartos bolsa cadro tenda
carpeta libros mercado gafas

Cuartuchos, bolsucha, cadrucho, tenducha, carpetucha, libruchos, mercaduchos, gafuchas.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro á hora de escribir os despectivos das palabras.	Comete menos de tres erros á hora de escribir os despectivos das palabras.	Comete entre tres e cinco erros á hora de escribir os despectivos das palabras.	Comete máis de cinco erros á hora de escribir os despectivos das palabras.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e forma aumentativos, diminutivos e despectivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Actividade 11

Enunciado: Completa o cadro.

	Aumentativo	Diminutivo	Despectivo
Casa	casaza, casona	casiña	casucha
Peixe	peixón, peixazo	peixiño	peixucho

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre forma correctamente aumentativos, diminutivos e despectivos a partir dunha palabra.	Case sempre forma correctamente aumentativos, diminutivos e despectivos a partir dunha palabra.	Cústalle formar correctamente aumentativos, diminutivos e despectivos a partir dunha palabra.	Non é capaz de formar correctamente aumentativos, diminutivos e despectivos a partir dunha palabra.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica e forma aumentativos, diminutivos e despectivos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Actividade 12

Enunciado: Analiza os artigos segundo o exemplo.

- A rapaza quere coller os regalos e as caixas que están enriba do armario.

A: determinante, artigo determinado, feminino singular.

os: determinante artigo determinado, masculino plural.

as: determinante artigo determinado, feminino plural.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Identifica todos os artigos e os analiza de forma correcta.	Identifica case todos os artigos e os analiza de forma correcta.	Cústalle identificar todos os artigos e os analízalos de forma correcta.	Non identifica os artigos nin os analiza de forma correcta.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Analiza artigos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia para aprender a aprender

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 13

Enunciado: Completa as oracións con demostrativos.

- _____ nenos xogan sempre no parque _____.
- Marta e _____ rapaz van a _____ escola de alí.
- _____ libros están reservados para _____ mestre.
- _____ carpeta e _____ lapis de alí son meus.
- Dáme _____ paquete que está sobre _____ mesa.

Resposta libre.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Sempre completa as oracións co demostrativo correcto para que estas teñan sentido.	Case sempre completa as oracións co demostrativo correcto para que estas teñan sentido.	Comete bastantes erros á hora de completar as oracións co demostrativo correcto para que estas teñan sentidos.	Non é capaz de completar as oracións co demostrativo correcto para que estas teñan sentido.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Obtén información dun texto.

Comprende a función dos demostrativos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 14

Enunciado: Os demostrativos tamén contraen coas palabras en, e de. Volve escribir o texto realizando as contraccións.

Os nenos (de+ esa) escola practican natación (en+aquela) piscina todos os mércores. Cando rematan, sempre esperan (en+ ese) parque a que o autobús veña recollelos. Algúns, mentres agardan, comen un bocadillo que mercan (en+esa) tenda da esquina. Outros xogan (en+estes) bambáns.

Os nenos desa escola practican natación naquela piscina todos os mércores. Cando rematan, sempre esperan nese parque a que o autobús veña recollelos. Algúns, mentres agardan, comen un bocadillo que mercan nesa tenda da esquina. Outros xogan nestes bambáns.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Non comete ningún erro cando forma contraccións coas que completar un texto e o le de forma fluída.	Comete un erro cando forma contraccións coas que completar un texto e o le de forma fluída.	Comete entre dous e tres erros cando forma contraccións coas que completar un texto e o le con dificultade.	Comete máis de tres erros cando forma contraccións coas que completar un texto e o le con moita dificultade.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Le un texto de forma fluída.

Crea contraccións cos artigos e demostrativos.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Conciencia e expresións culturais

Actividade 15

Enunciado: Completa.

A sílaba **tónica** é aquela na que o golpe de voz se fai con máis forza. O resto das sílabas chámanse sílabas **átonas**. As palabras que teñen a sílaba tónica en último lugar chámanse **agudas**.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa con total corrección un texto con contidos en torno as sílabas tónicas e as palabras agudas.	Comete un erro no momento de completar un texto con contidos en torno as sílabas tónicas e as palabras agudas.	Comete dous erros no momento de completar un texto con contidos en torno as sílabas tónicas e as palabras agudas.	Non ten ningún acerto á hora de completar un texto con contidos en torno as sílabas tónicas e as palabras agudas.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica a sílaba tónica.

Localiza palabras agudas e aplica as súas regras de acentuación.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Actividade 16

Enunciado: Completa.

Un **conto** é unha narración de feitos reais ou fantásticos que se transmiten oralmente ou por escrito, como un relato literario breve para entreter.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa con corrección a definición de conto.	Completa con bastante corrección a definición de conto.	Cústalle completar con corrección a definición de conto.	Non é capaz de completa con corrección a definición de conto.

Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica contos e as súas características.

Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender